- Facilitar o acceso aos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa, de forma que se mellore a produtividade do traballo ou servizo realizado.
- Crear un contorno que fomente o desenvolvemento das iniciativas económicas e profesionais no marco do traballo autónomo.
- Apoiar as/aos emprendedoras/es no ámbito das actividades innovadoras vinculadas cos novos xacementos de emprego, de novas tecnoloxías ou de actividades de interese público, económico ou social.





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

7. Identificación e avaliación dos riscos psicosociais

Os cambios que se están a producir no ámbito laboral levan a unha maior competitividade, e desenvolvemento tecnolóxico, así como un aumento das esixencias cognitivas dos postos de traballo. Estes cambios polo xeral adoitan derivar nun aumento da produtividade das empresas, pero en ocasións poden chegar a producir a aparición de riscos psicosociais.

Estes riscos psicosociais teñen unha forte repercusión tanto para a empresaria coma para a empresa. Os síntomas que adoitan sufrir as empresarias é a desmotivación laboral, a desgana, a irritabilidade, os trastornos do sono, o descenso do rendemento e mesmo patoloxías como ansiedade e depresión.

Para a identificación e avaliación dos riscos psicosociais sinalaremos en primeiro lugar os factores psicosociais que as empresarias poderían estar expostas:

- O ambiente de traballo.
- Os factores intrínsecos do traballo.
- Os factores organizacionais.
- Os factores derivados dos cambios tecnolóxicos.
- Factores relacionados coa tarefa.
- Factores relacionados coa organización do tempo de traballo.
- Factores relacionados coa estrutura da organización.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

A combinación destes factores fan que as empresarias estean expostas a diferentes riscos psicosociais como pode ser o traballo illado, estrés profesional, fatiga mental e física, mobbing, acoso sexual, síndrome burnout, carga mental ou fatiga mental. Seguidamente imos comentar cada un destes factores:

Traballo illado.

Dada a gran variedade de situacións de traballo que poden incluírse baixo este epígrafe, é necesario definir que entendemos por traballos en situación de illamento. Independentemente do traballo que se realice, consideramos como traballos en situación de illamento aqueles que se realizan en soidade, sen outras persoas que desenvolvan o seu labor no mesmo recinto ou sala. Polo xeral, as persoas que realizan estes traballos non teñen contacto visual con outras persoas e, a miúdo, non poden oír nin ser oídos sen o uso de mecanismos (teléfono, interfono, etc.). Para aqueles casos en que a situación de illamento non é permanente, faise necesario establecer un tempo mínimo a partir do cal considérase que o traballo realízase en situación de illamento. Polo xeral, este tempo mínimo adoita fixarse nunha hora, aínda que para traballos perigosos poden ser minutos.

Un caso especial é o traballo en solitario, das empresarias embarazadas que están máis expostas ó risco que o resto do persoal que traballa na empresa, sobre todo se se caen ou se necesitan atención médica.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Estrés profesional.

As empresarias poden verse particularmente afectadas polo estrés profesional, por diversas razóns:

1. Os cambios na situación económica que trae consigo poden repercutir nunha inseguridade financeira, emocional e profesional, especialmente se a cultura da empresa é propicia a este fenómeno.
2. A dificultade de compaxinar a vida profesional e a vida privada, especialmente cando os horarios de traballo son longos, imprevisibles e pouco sociais, ou cando hai outras responsabilidades familiares.
3. A posible exposición a situacións nas que se produza violencia no traballo. A exposición ó risco de violencia no traballo pode ser perxudicial para a muller. Este risco afecta principalmente ás empresarias que están en contacto directo cos clientes.
4. Poden existir factores adicionais de estrés relacionado co traballo cando se intensifica a ansiedade que pode experimentar unha empresaria como resultado da presión dos compañeiros ou doutras presións no lugar de traballo.
5. As mulleres que sufriron experiencias como morte fetal, aborto, adopción no nacemento ou morte neonatal son particularmente vulnerables ó estrés.

O mesmo ocorre coas mulleres que padeceron algunha enfermidade ou trauma graves (incluída unha cesárea) durante



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

o embarazo ou o parto. Nalgunhas circunstancias a reincorporación ó posto de traballo pode, con todo, contribuír a aliviar o estrés se a traballadora afectada atopa na entorno de traballo unha actitude de comprensión e apoio.

Fatiga mental e física e tempo de traballo.

As xornadas de traballo prolongadas, o traballo por quendas e o horario nocturno poden ter importantes consecuencias para a saúde das empresarias. Non tódalas mulleres vense afectadas do mesmo xeito e os riscos asociados varían segundo o tipo de traballo, as condicións nas que se realice e a persoa en cuestión.

No caso de que a empresaria este embarazada a fatiga tanto mental como física aumenta durante o embarazo e o período despois do parto debido ás transformacións fisiolóxicas e doutro tipo. Tamén debido ós cambios da presión arterial que poden ocorrer durante e logo da xestación e o parto, é posible que as disposicións habituais relativas ás pausas non sexan apropiadas para as mulleres embarazadas ou que deron a luz.

Dado que se atopan máis cansas, algunhas empresarias embarazadas ou en período de lactancia poden verse imposibilitadas para traballar en quendas irregulares ou nocturnos ou para facer horas extraordinarias.

A organización do tempo de traballo (incluídas as disposicións en materia de pausas, a súa frecuencia e periodicidad) pode afectar á saúde da



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

empresaria, e poden aumentar os riscos de estrés e de enfermidades relacionadas co estrés.

O Mobbing. A violencia no traballo.

A existencia das empresarias sometidas a un hostigamento psicolóxico, presentan síntomas psicosomáticos e reaccións anormais cara ó traballo e o ambiente laboral. O mundo anglosaxón, que foi precursor, xunto cos países escandinavos, denomina esta nova enfermidade social "MOBBING" ou "BOSSING" dependendo de se os acosadores son os propios compañeiros ou o superior xerárquico. De feito o termo mobbing deriva do campo semántico de "the mob", palabra vagabunda para referirse á mafia; e o "bossing", deriva de "boss", é dicir, xefe. Ambos os dous termos xa nos dan unha idea gráfica do que se quere denunciar.

Pola súa parte o profesor de alemán, **Heinz Leymann**¹ - doutor en Psicoloxía do Traballo e profesor da Universidade de Estocolmo -, foi o primeiro en definir este termo durante un Congreso sobre Hixiene e Seguridade no Traballo no ano 1990:



¹ Heinz Leymann é o experto internacional máis recoñecido no campo do mobbing nos lugares de traballo. Era doutor en psicoloxía pedagóxica e tamén obtivo o grao de doutor na ciencia médica da psiquiatría



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

"Situación na que unha persoa exerce unha violencia psicolóxica extrema, de forma sistemática e recorrente e durante un tempo prolongado sobre outra persoa ou persoas no lugar de traballo coa finalidade de destruír as redes de comunicación da vítima ou vítimas, destruír a súa reputación, perturbar o exercicio dos seus labores e lograr que finalmente esa persoa ou persoas acaben abandonando o lugar de traballo".

Heinz Leymann

Clasificación dos tipos de violencia:

A clasificación ofrecida a continuación é das máis difundidas sobre os tipos de violencia no traballo, elaborada pola California Division of Occupational Health and Safety (Cal/OSHA). Divide os eventos en tres grupos:

1. Violencia tipo I. Caracterízase porque quen levan a cabo as accións violentas non teñen ningunha relación lexítima de trato coa vítima.
2. Violencia tipo II. Nestes casos existe algún tipo de relación profesional entre o causante do acto violento e a vítima.



XACOBEO 2010
Galicia




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

3. Violencia tipo III. Neste tipo de violencia o causante da mesma ten algún tipo de implicación laboral co lugar afectado ou con algún traballador concreto de tal lugar.

O acoso sexual.

O acoso sexual é, por riba de todo, unha manifestación de relacións de poder. As mulleres están moito máis expostas a ser vítimas do acoso sexual precisamente porque carecen de poder, atópanse en posicións máis vulnerables e inseguras, fáltales confianza en si mesmas, ou foron educadas pola sociedade para sufrir en silencio. Pero tamén corren perigo de padecer semellante conduta cando se poden perceber como competidoras polo poder.





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

O Síndrome Burnout. SQT.

O "Bullying" é un proceso complexo de victimización doutra persoa que vai máis alá das simples discusións ou malas relacións entre compañeiros, e que se diferencia de estes pola súa natureza, a súa duración, a súa intensidade, as súas formas, os seus protagonistas, as súas consecuencias e os seus ámbitos. Foi definido por diferentes investigadores na forma que se describe a continuación.

No Informe do Defensor do Pobo (2000), indícase que o termo *bullying* pode traducirse como "intimidación" e referíndose á persoa podería aplicarse aos máis coloquiais de "matón", "abusón" ou "chulo".

Olweus² define *Bulling* como unha conduta agresiva na que hai un desequilibrio de poder e onde o acto agresivo é definido todo o tempo.

"Conduta de persecución física ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de repetidos ataques. Esta acción negativa e intencionada, sitúa a vítima en posicións das que dificilmente pode saír polos seus propios medios" (Olweus, 1993)

² Dan Olweus Doutor en Psicoloxía, é o investigador que máis tempo leva estudando o Bullying no mundo. Escribiu varios libros -algún publicado en España sobre o tema, e elaborou un programa contra o matonismo que se está a aplicar en varios países e que agora se introduce no noso país.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Pola súa banda, **Leymann** sostén que hai que utilizar *Bullying* para os casos nos que a agresión ou violencia física ocupe un lugar importante na pauta xeral do acoso, reservando *Mobbing* para os procesos de acoso máis esencialmente psicolóxicos.

O *Bullying* depende máis da satisfacción dos impulsos agresivos dun individuo en concreto ou dun *líder*, mentres que pola contra o *Mobbing* responde máis a dinámicas organizativas. Ambos os dous fenómenos coexisten sempre: o *Bullying* non pode ter lugar sen a dinámica da organización, e o *Mobbing* necesita acosadores dispostos a poñelo en marcha.

A Carga mental.

A carga de traballo mental é un concepto que se utiliza para referirse ó conxunto de tensións inducidas nunha persoa polas esixencias do traballo mental que realiza. Pode producir as seguintes consecuencias:

1. Procesamiento de información da contorna a partir dos coñecementos previos.
2. A actividade de rememoración.
3. A actividade de razonamiento, procura de solucións.
4. A coordinación de ideas, toma de decisións, etc.

A fatiga mental:

A fatiga prodúcese por unha progresiva debilitación da capacidade de resistencia da persoa sometida a un esforzo intenso ou prolongado.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Relacións Laborais

Fatiga mental pode manifestarse como unha progresiva diminución da capacidade de resposta humana ante grandes esixencias, ben de intensidade ou duración, de esforzos de tipo cognitivo (atencional, de memoria, etc.).

Frecuentemente as empresarias non son conscientes dos riscos que poden supoñer a mala organización do traballo nestes ámbitos:



Especifica o grao de liberdade e independencia que ten a empresaria para controlar e organizar o seu propio traballo e para determinar os métodos a utilizar, tendo en conta sempre os principios preventivos.

Na dimensión PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN RESPONSABILIDADE se integran estes factores a ter en conta pola empresaria:

- Autonomía
- Traballo en equipo
- Iniciativa
- Control sobre a tarefa
- Control sobre o traballador
- Rotación
- Supervisión
- Enriquecemento de tarefas



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

2. FORMACIÓN, INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN



As funcións e/ou atribucións de cada persoa dentro da organización teñen que estar ben definidas para garanti-la adaptación óptima entre os postos de traballo e as persoas que os ocupan.

Na área de FORMACIÓN, INFORMACIÓN COMUNICACIÓN se incorporan os seguintes aspectos a ter en conta pola empresaria

- Fluxos de comunicación
 - Acollida
- Adecuación persoa – traballo
 - Recoñecemento
 - Adestramento
- Descrición de posto de traballo
 - Illamento

3. XESTIÓN DO TEMPO



Establece o nivel de autonomía concedida a empresaria para determinar a cadencia e ritmo do seu traballo a distribución das pausas e a elección das vacacións de acordo as súas necesidades persoais.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Na dimensión XESTIÓN DO TEMPO integranse estes factores:

- Ritmo de traballo
- Apuro de tempo
- Carga de traballo
- Autonomía temporal
- Fatiga

4. COHESIÓN DE GRUPO



Definimos cohesión como o patrón de estrutura do grupo, das relacións que emerxen entre os membros de o grupo. Este concepto inclúe aspectos como solidariedade, atracción, ética, clima ou sentido de comunidade.

A variable COHESIÓN contén os seguintes aspectos:

- Clima social
- Manexo de conflitos
- Cooperación
- Ambiente de traballo



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

8. Primeiras medidas preventivas

Propoñemos as primeiras medidas preventivas para actuar ante os riscos psicosociais os que se poderían estar sometidas as empresarias unha vez identificados e avaliados previamente. Estas medidas se poden aplicar sobre os riscos identificado (traballo illado, estrés ...) que se comentan a continuación:

O traballo illado.

Dependendo do estado de saúde da empresaria pode resultar necesario revisar a posibilidade de comunicarse con outras persoas e os niveis de supervisión (a distancia) previstos a fin de que poida obter axuda e apoio no caso de necesidade, e que os procedementos de urxencia teñan en conta (chegado o caso) as necesidades das empresarias.



O Estrés profesional.

Cando adopten as medidas necesarias, as empresarias terán en conta os factores de estrés coñecidos (como a organización do traballo por quendas, a inseguridade no emprego, as cargas de traballo, etc), así como os factores médicos e psicosociais particulares que afectan a cada muller.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

As medidas de protección poden incluír a adaptación das condicións ou dos horarios de traballo, así como medidas encamiñadas a asegurar a compresión, o apoio e o recoñecemento necesarios cando a muller se reincorpora ó traballo, respectando así mesmo a súa vida privada.



Fatiga mental e física e tempo de traballo.

Pode resultar necesario adaptar temporalmente os horarios e outras condicións de traballo, incluída a periodicidade e a frecuencia das pausas de descanso, así como a organización por quendas e a duración dos mesmos, a fin de evitar os riscos.

O Mobbing. A violencia no traballo.

Para poder atallar o risco do mobbing se suxiren as seguintes medidas preferentes ó procedemento do traballo:

1. Asegurar que os niveis do persoal son adecuados para cada tarefa e para cada momento do día.
2. Dar as empresarias información axeitada e apropiada sobre procedementos e sistemas de traballo.
3. Asegurarse de que os programas de atención ó cliente están axeitadamente deseñados e xestionados. Isto é especialmente apropiado para o manexo de reclamacións.
4. Dar as empresarias formación específica sobre violencia como parte da xestión de seguridade e hixiene no traballo.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

5. Establecer procedementos de urxencia claros sobre que facer e onde ir en caso de incidente (teléfonos de urxencia, etc).
6. Variar o número de veces que se levan cartos a zonas seguras ou bancos, variar as rutas, etc.
7. Usar servizos profesionais de transporte de diñeiro.
8. Pagar con cheque ou transferencia no canto de con efectivo en metálico.
9. Usar sistemas de compras sen cartos.
10. Asegurarse que os empresarias con máis experiencia ou menos vulnerables son usados en tarefas con máis risco.
11. En caso de empresarias que deban desprazarse, dobrar o número de persoas a dotar de sistemas de comunicación coa base.
12. Utilizar alarmas persoais.
13. Rexistrar a identificación de quen queren acceder a zonas de acceso restringido.
14. Formar no manexo e recoñecemento da violencia.

O acoso sexual



Algunhas das medidas que se expoñen a continuación poden axudar a previr ou mitigar as consecuencias do acoso sexual:

1. Incentivar a declaración de principios pola dignidade dos/as traballadores/as, coa utilización de boas prácticas.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Dirección Xeral de Relacións Laborais

2. Consultar ás traballadoras sobre a súa percepción do acoso sexual no posto que ocupan.
3. Perseguir con seriedade e rapidez calquera situación contrastada na que quede patente un acosador sexual. É recomendable establecer procedementos internos que axuden e ensinen a utilizar as canles para evidenciar a situación de acoso e a quen se dirixir con esta reclamación.
4. Aplicar con rigor medidas disciplinarias para o acosador, tratando de axudalo no seu problema con especialistas sobre o tema e separándoo do posto que lle permita exercer o acoso.
5. Apoiar as vítimas con programas de autoaxuda para recobrar a dignidade perdida e que perciban que a empresa actúa con interese en solucionar os casos de acoso.
6. Tipificar e sancionar as condutas de acoso sexual.
7. Ao tratarse dun problema de saúde laboral compete tamén ao Comité de Seguridade e Saúde, realizar as propostas de accións necesarias para a prevención ou tratamento do problema.





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

O Síndrome Burnout. SQT.

As estratexias de redución dos factores que provocan o estrés pódense previr, mencionamos algunhas das áreas máis importantes tendo en conta os aspectos estudados neste estudo (participación, implicación e responsabilidade;)

1. PARTICIPACIÓN IMPLICACIÓN- RESPONSABILIDADE

A mellora neste aspeto supón un incremento do grao de liberdade e independencia que teñen as empresarias para controlar e organiza-lo seu propio traballo e para determina-los métodos a utilizar.

As melloras que se poden implementar son

- Fomenta-la participación das/os traballadoras/es nas distintas áreas que integran o traballo dende a propia organización distribución e planificación das tarefas a realizar, ata aspectos como poden se-la distribución do espazo ou do mobiliario por exemplo.
- Definir, comunicar e clarificar o nivel de participación que se outorga ós distintos compoñentes da organización; cando este se limita á emisión de opinións e/ou cando dispoñe tamén de capacidade decisoria.
- Analizar se os medios actuais cos que conta a organización para canaliza-la participación dos distintos axentes son adecuados, áxiles e eficaces.
- Evitar unha supervisión excesiva por parte dos sistemas de control (de traballo, tempo, horarios,...). Eliminar os sistemas de control inoperante que xeran unha ausencia total de control.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

- Flexibilizar progresivamente aqueles estilos de mando que poidan parecer autoritarios, promovendo a delegación nos traballadores e a responsabilidade individual. Iso suporá fomentar a implicación dos distintos axentes da empresa.
- Sensibilizar a tódalas persoas acerca do significado e a importancia das tarefas que realizan.
- Proporcionar á/ó traballadora, na medida do posible un maior control sobre a súa tarefa (capacidade de decisión sobre ritmo, organización, etc.).
- A supervisión axeitada debe estar orientada a ser unha axuda ó traballadora/o de forma que potencie o seu crecemento no traballo, desenvolva as súas capacidades e non sexa vivida como unha intrusión e control excesivos.

2. FORMACIÓN INFORMACIÓN- COMUNICACIÓN



O desenvolvemento deste factor incrementa o grao de interese persoal que a organización demostra por os traballadoras/es á vez que se facilita o fluxo de informacións necesarias para o correcto desenvolvemento das distintas tarefas. É necesario que dentro da organización as funcións e/ou atribucións de cada persoa estean ben definidas co fin de garantir a adaptación óptima entre os postos de traballo e as persoas que os ocupan.

As melloras que se poden implementar son



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

- Proporcionar ós traballadoras/es unha información clara e precisa do que deben facer.
- Comunicar ás/ós traballadoras/es os seus funcións, competencias, atribucións, os métodos que deben seguir así como os obxectivos de cantidade e calidade, o tempo asignado a súa responsabilidade e a súa autonomía.
- Perfecciona-los medios de información ós traballadoras/es (máis áxiles máis claros,...) para evitar riscos ou distorsións.
- Establece-los plans formativos conforme ás necesidades de a organización e das/os traballadoras/es.
- Fomentar unha sensibilización á formación continuada nos traballadores a tódolos niveis.
- Favorece-lo manexo de habilidades cognitivas a oportunidade de novos aprendizaxes a través do traballo que permitan aumenta-las competencias do traballador/a.

3. XESTIÓN DO TEMPO



A mellora deste factor leva asociado o incremento do nivel de autonomía concedida ó traballador/a para determina-la cadencia e ritmo do seu traballo a distribución das pausas e a elección das vacacións de acordo ás súas necesidades persoais.

As melloras que se poden implementar son:

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR**

Dirección Xeral de Relacións Laborais

- Adecua-lo volume de traballo a realizar ó tempo necesario para o súa correcta execución.
- Evitar ó traballador/a sensacións de urxencia e apuro de tempo.
- Procurar que a tarefa permita ó traballador/a unhas marxes de tempo que lle possibiliten ter un certa autonomía acerca do seu tempo.
- Achegar un coñecemento claro dos obxectivos a alcanzar e un sistema de autorregistro dos xa logrados en cada momento. Isto permite ó traballador establece-lo seu ritmo de traballo e ser capaz de introducir variacións neste.
- Prestar atención a aqueles postos en que por razóns da tarefa, exista un risco elevado de non dispoñer de autonomía temporal (ritmo imposto por unha máquina, traballo en cadea,...).
- Descubri-las causas polas que os tempos asignados para a realización das tarefas son escasos e introduci-los cambios oportunos para obter un axuste axeitado.
- Establecer sistemas que permitan ó traballador/a coñece-las cotas de rendemento o traballo pendente e o tempo dispoñible para realizalo.





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

4. COHESIÓN DE GRUPO

O desenvolvemento das relacións entre os membros da empresa inflúe no mantemento do grupo, facendo que os seus membros participen máis nas actividades do grupo e incrementando a conformidade á maioría.

As melloras que se poden implementar son:

- Prestar especial atención ó apoio social que os subordinados reciben por parte dos seus superiores (recoñecemento do traballo, asistencia técnica e material, relacións persoais non só formais sensibilidade a problemáticas persoais etc.).
- Favorece-lo contacto entre traballadoras/es atendendo á organización dos espazos e lugares de traballo.
- Atender ós distintos niveis de relación que existen na organización: verticais (traballadores/as respecto a superiores xerárquicos), horizontais (entre compañeiros) e con público/clientes.
- Conceder importancia ó apoio social (apoiro afectivo, instrumental, de axuda etc. que se dan entre si as persoas) no deseño da organización. Está comprobado que é un importante redutor do estrés percibido polas persoas.
- Achegar pautas claras de resolución de conflitos entre traballadores (tanto persoais como laborais). O encistamento de estes conflitos levan consigo, a medio e longo prazo, tensións no grupo, afectando ó rendemento e cohesión deste.





XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

A Carga mental.

As melloras que se poden implementar son:

Dende un punto de vista organizacional as intervencións dirixidas a previr fatiga céntranse en mellora das condicións de traballo e reformulación do contido do posto de traballo. Algunhas medidas para aminorar a fatiga mental son:

1. Organización do tempo de traballo de maneira que permita a realización de pausas. Non se entenden como pausas os tempos que se está en alerta, en espera, en actividades sociais de fortalecemento de relacións con clientes externos e internos, etc. As pausas realmente efectivas serán aquelas que permiten desconectar dos temas de traballo e que a persoa poida apartarse fisicamente do posto de traballo, cambiando o foco de atención.
2. Condicións ambientais adecuadas: iluminación, ruído, calidade do aire, condicións termohigrométricas.
3. Condicións adecuadas dos elementos que configuran o equipamiento do posto: mobiliario, útiles e ferramentas de traballo, incluída a información e documentación que se manexa e o tipo de soporte en que se manexa esta información.
4. Adecuada distribución do tempo de traballo: xornadas e horarios.
5. Dotar o traballo de tarefas variadas e con significado para quen as realiza. Definición de metas parciais, con pausas naturais entre metas.
6. Favorecer a autonomía na realización das tarefas e eliminar calquera forma de presión psicolóxica no traballo.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

7. Estratexias individuais para afrontar e previr fatiga: adecuada alimentación, un adecuado patrón de descanso, realización de exercicio de intensidade moderada e practicado regularmente.

Cadro resumo medidas preventivas

<u>AXENTES PSICOSOCIAIS</u>	<u>RISCOS</u>	<u>MEDIDAS DE PREVENCIÓN E NORMATIVA ESPECIFICA</u>
<p><i>-HORARIOS DE TRABAJO INADECUADOS</i></p> 	<p>As xornadas de traballo nocturno ou a realización de horas prolongadas, poden supoñer un risco para a saúde da muller embarazada, ou que estean en período de lactación.</p> <p>Algunhas delas poden verse incapacitadas para traballar en quendas irregulares ou nocturnos ou para haber horas extraordinarias. Así a organización do tempo de traballo pode afectar á saúde da muller traballadora embarazada, así como á nai lactante.</p>	<p>Adaptación temporal dos horarios e outras condicións de traballo, incluída a periodicidade e a frecuencia das pausas de descanso, así como a organización por quendas e a súa duración.</p> <p>Imposibilidade do traballo nocturno.</p>


Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

<p><i>-TRABALLO ILLADO</i></p>	<p>Con respecto ao traballo illado as traballadoras están máis expostas ao risco se caen ou se pola contra necesitan atención médica.</p>	<p>Revisar os mecanismos de comunicación, supervisión e de emerxencia para que teña en conta as necesidades das traballadoras embarazadas ou que deron a luz recentemente.</p>
<p><i>-VULNERABILIDADE ANTE SITUACIÓNS DE ESTRÉS</i></p> 	<p>As traballadoras embarazadas ou que deron a luz recentemente pódense ver afectadas polas situacións de estrés, como consecuencia dos cambios hormonais, fisiolóxicos e psicolóxicos incluídos polo seu estado. Estes cambios poden influír dun xeito máis forte nas persoas que teñen tendencia a sufrir este tipo de estados.</p> <p>Algúns estudos atopan relación entre os estados de estrés e o aumento do número de abortos.</p>	<p>Os empresarios deberán de ter en conta os factores de estrés coñecido (como a organización do traballo por quendas, a inseguridade no emprego, as cargas do traballo, etc.), así como os factores médicos e psicosociais particulares que afectan cada muller. As medidas de prevención poden abranguer situacións como a adaptación das condicións ou dos horarios de traballo, así como o recoñecemento necesario cando a muller se reincorpore ao traballo, respectando en todo momento a súa vida privada.</p>




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

9. Resultados obtidos do estudo.

9.1 Datos relativos as empresarias.



Como se pode ver na gráfica a metade das empresarias enquisadas teñen entre **39 e 31 anos**, o 25% corresponde as mulleres entre **50 e 59 anos** seguido dunha porcentaxe do 20% das mulleres que están entre os **40 e 49 anos**. As mulleres de **60 anos** son a porcentaxe idade menos representativa da mostra (5%).

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

5.- Estado civil



Para a análise dos riscos psicosociais é importante sinalar que as empresarias enquisadas están **casadas ou conviven en parella** nun 75% e teñen **fillos** nun 65%, destas nun 54% o número de fillos que teñen son dous. Así, a maioría das enquisadas necesitan conciliara vida persoal coa laboral.

A maioría das empresarias enquisadas son **galegas** e tan só o 10% das enquisadas son **extranxeiras**. Dato que reflicte unha realidade na que se ven representadas as mulleres non só nacionais senon que as mulleres extranxeiras tamén xeneran emprego. Neste sentido, o informe GEM 2008 sinala que, a pesar da crise, mantense a porcentaxe de extranxeiros que emprenden no noso país: de cada 100 emprendedores, case 13 son doutro país. A explicación que apunta este informe é que teñen unha mentalidade máis

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

desenvolvida para crear iniciativas e unha maior necesidade de facelo por subsistencia.

Ademais, en canto a actitude asociativa, cabe destacar que só unha das empresarias enquisadas ten representatividade nunha asociación empresarial. A participación nestos ámbitos é fundamental xa que é unha vía importante para facer propostas e que as empresarias podan ser escoitadas con respecto os riscos laborais que lles afectan. Un 81% das enquisadas opinan que os riscos que afectan a muller non se teñen en conta en ningún ámbito.

4.- Antigüidade como traballadora por conta propia



Tamén é importante sinalar que o 45% das enquisadas son **empresarias con máis de dez anos de experiencia** traballando por conta propia en empresas situadas na provincia da Coruña (cidade e zonas limítrofes (Cambre, Arteixo e Culleredo)) nun 70% e nun 30% en Vigo que contan cunha longa traxectoria

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

que vai de 10 a 19 anos nun 40%. Máis da metade, o 55% das mulleres empresarias desempeñan ou recoñecen a súa labor como **directoras** de empresas. Síguenos en porcentaxe o 20% como **socias**. Un dato moi relevante é que maior parte das empresarias 75% teñen persoal o seu cargo xerando 98 postos de traballo directos

18.1 Nº de persoas ao seu cargo



O número de persoal o seu cargo por empresa non é moi numeroso en xeral, un 60% das enquisadas teñen entre 1 e 3 persoas ao seu cargo. Nun 27% teñen entre 4 e 10 persoas dando un salto cuantitativo nun 13% as empresarias que dispoñen de entre 15 e 20 empregados. As novas empresas creadas durante o ano pasado, segundo o informe GEM 2008, constituíronse como microempresas, empregando entre unha e cinco persoas e adicándose a actividades do sector servizos e orientadas ó consumo. Na maior parte dos

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

casos non presentan unha base innovadora, teñen un nivel tecnolóxico baixo e non aspiran á internacionalización.

Así vemos como na nosa mostra o sector económico onde desenvolven a súa actividade as empresarias, maioritariamente é no sector servizos (85%) mentres que tan só o 15% das mulleres empresarias pertencen os sectores da industria e construción, un sector tradicionalmente ocupado por homes.

Tamén se pode observar que como indicabase no informe GEM 2008 a internacionalización non é unha posibilidade de expansión para as emprendedoras galegas. De feito a metade das empresarias enquisadas non ven ningunha posibilidade de expansión como se pode ver na seguinte gráfica.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

19.1 Tipos de expansión da empresa



Entre os tipos de expansión a porcentaxe máis cuantitativa é con referencia o incremento de persoal con un 70% fronte o 30% que realizase noutras tipoloxías como: clientes, volúme de negocio, apertura de mercado, etc.

En moitas ocasións esta negativa a expansión pode ser consecuencia de:

- As elevadas cargas familiares, o número de horas extras e a presión social fan que a empresaria non teña unha liberdade real para decidir sobre o futuro da súa empresa.
- Ampliación da xornada laboral (mais datos no punto 9.3 datos relativos a xornada laboral das empresarias) e a responsabilidade das tarefas e xestión do fogar (máis datos no punto conciliación)
- Os roles sociais tradicionais presionan e frustran o crecemento e o desenvolvemento do talento empresarial. De feito, tanto cando se lles

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

pregunta as empresarias como aos empresarios a maioría (nun 50% no caso das empresarias e nun 100% no caso dos empresarios) consideran que a maternidade supón sempre unha dificultade para o desenvolvemento profesional.

9.2 Datos relativos á formación das empresarias.



Do 100% das empresarias que teñen estudos, tan só o 10% realizaron estudos primarios e nun 55% dispoñen dunha formación superior, estudos universitarios, dato que reflicte a realidade das mulleres galegas que xa son mais numerosas que os homes nas universidades galegas. Non obstante, en materia de prevención de riscos laborais temos unha alta porcentaxe, alcanzando un 60% das mulleres traballadoras que teñen unha formación básica en en materia de prevención de riscos laborais. Un 20% non dispón de

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

formación en materia preventiva e o 20% restante equitativamente ten formación en materia preventiva a nivel superior e no nivel intermedio.

9.3 Datos relativos á xornada laboral da empresaria.



A xornada laboral nunha elevada porcentaxe, o 70% é de dúas quendas a mañá e a tarde. A duración da xornada é completa nun 90% e tan só nun 10% a súa xornada é a tempo parcial. As empresarias manifestan que nun 55% que non realizan horas extras fronte a un 45% que sí as realizan. O número de horas que se fan é elevado xa que as empresarias que realizan horas extras fan unha media de entre 10 e 5 horas diarias.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

9.4 Datos relativos á prevención da empresaria.

20.- Calificación do seu estado de saúde



A calificación que fan as empresarias do estado da súa saúde é boa nun 55%, moi boa nun 30%, excelente nun 10% e regular nun 5%.

Se a súa saúde reflexaba unha boa porcentaxe na gráfica anterior tamén se observa un resultado positivo na inexistencia de baixas laborais collidas no último ano cunha porcentaxe de empresarias dun 88% que non estiveron de baixa. Non obstante, este dato non indica que as veces necesitasen coller

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

unha baixa e non o fixesen por non ter sustituto ou por non pechar o seu negocio uns días.

22.- Organización dos recursos preventivos



A organización dos recursos preventivos está subdividida en tres modalidades, por unha banda nun 45% recorren a un servizo de prevención alleo, no 40% asumen persoalmente tal actividade e tan só un 15% non organizan a prevención. As empresarias que recorren a un servizo de prevención alleo son as que teñen máis empregados ao seu cargo pero máis da metade (75%) coñece as obrigas en materia de prevención e opina que mellorou a

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

seguridade nas empresas coa planificación preventiva fronte a un 21% que non o cree.

25.- A muller e os riscos que lle afectan está suficientemente representada na lexislación vixente



En canto a prevención de riscos laborais as mulleres non se ven representadas suficientemente na lexislación vixente e nos riscos que lles afectan nun 81% fronte a un 19% que si se ven representadas. Este dato reflicta unha consciencia clara da empresaria en canto a súa situación de desigualdade.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

9.5 Conciliación

26.- Leva traballo a casa despois da xornada laboral



Un 75% das empresarias enquisadas recoñece que leva traballo a casa fronte a un 25% que case nunca o leva. Esta é unha cifra moi elevada se temos en conta que as empresarias fan unha media de 10 horas diarias de horas extras, é dicir, amplían a súa xornada laboral un máximo de 10 horas nun 56% dos casos.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

27.- Consideración da maternidade con respecto a vida profesional da muller



■ Supón tal atraso que impide o desenvolvemento profesional ■ Supón sempre unha dificultade para o desenvolvemento profesional
□ A maternidade pode compaxinarse co pleno desenvolvemento profesional □ A maternidade completa o desenvolvemento profesional

A metade das enquisadas supón que sempre é unha dificultade para o desenvolvemento profesional a maternidade; un 5% supón que a maternidade impide o desenvolvemento profesional fronte a un 35% que manifesta que a maternidade pode compaxinarse co pleno desenvolvemento profesional e un 10% que a maternidade completa o desenvolvemento profesional. Tamén os empresarios enquisados neste apartado consideraron que a maternidade impide o desenvolvemento profesional nun 100% dos casos.




9.6 Implicación da parella nas tarefas do fogar

Nas enquisas realizadas aos empresarios a colaboración das mulleres é moi elevada en tódalas tarefas do fogar agás no que se refire a limpeza do coche que é moi baixa. Nembargantes no caso das empresarias a tarefa na que colaboran mais as súas parellas son en primeiro lugar a limpeza do coche (a colaboración da parella é moi alta nunha porcentaxe dun 70%) e en segundo lugar a educación dos fillos (colaboración moi alta nun 50%). Pola contra as actividades nas que menos colaboran é a limpeza do baño (colaboración nula 18% e baixa nun 24%) e o coidado dos familiares (nula nun 24% e baixa nun 12%), tarefa esta última asignada tradicionalmente as mulleres.

En xeral, as empresarias que obteñen unha maior colaboración son as que teñen un maior número de empregados ao seu cargo.

28.2 Limpieza da casa





XACOBEO 2010
Galicia




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

9.7 IDENTIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE RISCOS PSICOSOCIAIS

En xeral a **xestión do tempo** é o que produce mais riscos laborais tanto para empresarias como para empresarios. No caso das empresarias este item, que se refire ao nivel de autonomía para determinar o ritmo de traballo, as pausas, e as vacacións, é moi inadecuado nun 55% e inadecuado nun 55%.

Póla contra a **cohesión de grupo**, item que se refire as relacións entre os membros do grupo é moi adecuada nun 42% e adecuada nun 37%.

1.- PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN, RESPONSABILIDADE



Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

O item de participación, implicación e responsabilidade refírese ao grao de liberdade e independencia para realizar o traballo relacionado coa participación, implicación e responsabilidade representado unha porcentaxe do 35% como muy adecuado, seguido dun 30% como adecuado, un 25% considera como inadecuado e un 10% muy inadecuado.

Nas empresas familiares, moi representativas na comunidade galega, no caso das enquisas feitas polos fillos a participación é un risco laboral que aparece como moi inadecuado e no caso das/os empresarias/os nais e pais este risco laboral dá o resultado de adecuado. Na empresa familiar galega é moi habitual que os descendentes dos fundadores non teñan autonomía mentres os seus pais traballan na empresa e despois á hora da sucesión as veces non poden asumir a responsabilidade da xerencia herdada.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

2.- FORMACIÓN, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN



No item que da formación, información e comunicación que se refire a como se facilita o fluxo de información, a maior porcentaxe encabezaa a inadecuación nun 37% seguido da consideración de moi inadecuado cun 21% e a mesma porcentaxe consideraá moi adecuado e adecuado cun 21% em cada unha de elas.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

3.- XESTIÓN DO TEMPO



Na xestión do tempo, consideráno un 55% inadecuado de seguido cun 15% muy inadecuado. O 20% consideráo moi adecuado e un 10% moi adecuado.

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller




XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

4.- COHESIÓN DE GRUPO



Na cohesión do grupo encontramos unha alta porcentaxe moi axeitado no 42% seguido de adecuado cun 37% e un 21% considerao inadecuado.



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

10. Conclusións

O crecente aumento da incorporación da muller no mundo laboral suscitou unha serie de cambios que contribuíron a que sexa de vital importancia a incorporación dunha perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais. Mulleres e homes distribúense no mercado laboral de modo desigual nos sectores de actividade, os postos de traballo, as esixencias físicas e psicolóxicas das tarefas, os niveis de responsabilidade, a capacidade de autonomía, os tipos de contrato e horario, a duración da vida laboral e mesmo o nivel salarial.

Neste sentido, a **normativa existente** **analizada** non ten en conta os riscos psicosociais específicos que sofre a empresaria. De feito, a actual normativa de prevención de riscos laborais contempla e trata a poboación traballadora dende una falsa homoxeneidade baseada nun modelo masculino sen ter en conta as diferenzas reais entre mulleres e homes. A **saúde laboral**, como nas demais esferas do ámbito empresarial, **orientase a medida do home** e como tal, incidese máis en enfermidades e/ou accidentes de traballo relacionados con empregos masculinizados, aqueles que están en contacto con produtos tóxicos e perigosos e/ou con esforzos físicos fortes, como sucede na construción.

Ademais, as **medidas que se implantan** como poden ser os bancos de tempo, na práctica poden axustarse máis as condicións de traballo con horarios máis establecidos das traballadoras por conta allea que para as propias empresarias. A empresaria na súa actividade laboral é excesivamente

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

polivalente, ten unha xornada difícil de regular polas obrigacións familiares e as responsabilidades laborais.

Na realidade existe un descoñecemento xeneralizado sobre os riscos na saúde das empresarias, xa que a atención sobre éstas céntrase principalmente e parcialmente, na súa maioría relacionada coa **saúde reproductiva e a conciliación da vida laboral e familiar**.

A empresaria representa na actividade empresarial un papel moi importante como xeneradora de emprego. De feito, no 'Informe Executivo Galicia 2008' do Proxecto Global Entrepreneurship Monitor (GEM) que se presentou en outubro de 2009 destaca o dato de que o 46% das actividades emprendedoras son iniciativa de mulleres. Estes datos "rompen outro clixé" que xunto a presenza maioritaria de mulleres nas titulacións universitarias, converte as empresarias nas emprendedoras do futuro máis próximo.

Para impulsar e protexer a muller que é empresaria e necesario implementar medidas desde os organismos oficiais que protexan e promovan de maneira efectiva as iniciativas empresariais das empresarias galegas e a súa saúde mental e física.

Os datos máis destacados do estudo son:

- Só unha das empresarias enquisadas ten **representatividade nunha asociación empresarial**. A participación nestos ámbitos é fundamental, xa que supón unha vía moi importante para facer

Estudo sobre a integración da dimensión de xénero no tratamento da problemática da seguridade e saúde na actividade empresarial da muller



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Dirección Xeral de Relacións Laborais

